

## O ETNÓGRAFO XOSÉ FERNANDO FILGUEIRA VALVERDE

Xosé Manuel González Reboredo  
Museo do Pobo Galego

**Resumo:** O obxectivo deste escrito é presentar algúns exemplos de contribucións etnográficas ou folklóricas realizadas por Xosé Fernando Filgueira Valverde, un importante polígrafo galego. Membro do Seminario de Estudos Galegos (1923-1936), profesor e director do Museo de Pontevedra (1942-1996), escribiu sobre festas de contido etnográfico como a dos *Maios* ou a do *Corpus Christi*. Mais tamén publicou numerosos artigos breves recollidos en libros co título xenérico de *Adral*, moitos deles de carácter etnográfico.

**Abstract:** The aim of this paper is to present some examples of scholarly contributions in the fields of Ethnography and Folklore carried out by Xosé Fernando Filgueira Valverde, an important Galician polymath. A fellow of the Seminario de Estudos Galegos (1923-1936), teacher and headmaster of the Museo de Pontevedra (1942-1996), he wrote about feasts with ethnographic contents like *Os Maios* or the *Corpus Christi*. But he also wrote many small articles which were subsequently put together in a book series issued under the general title of *Adral*, several of them with ethnographic contents.

**Palabras chave:** Etnografía, Folklore, festa, *Maios*, *Corpus*, romaría, patrimonio etnográfico.

**Key words:** Ethnography, Folklore, feast, *Maios*, *Corpus*, pilgrimage, ethnographic patrimony.

No século XIX cobraron definitiva carta de natureza diversas pólas do saber caracterizadas por ter o obxectivo de describir e analizar as distintas sociedades e culturas da humanidade. Unha delas foi a Etnografía, centrada orixinariamente na descrición de pobos exóticos. Xunto coa Etnografía xurdiu tamén o Folklore, encargado en principio de recoller as tradicións orais mantidas polas camadas populares de Europa. Se a Etnografía e o Folklore supoñen un primeiro nivel clasificador e descritivo dos materiais tomados directamente dos protagonistas das distintas manifestacións socioculturais, as análises deses mesmos materiais

mediante unha interpretación histórica e xeográfica, ou sincrónica en procura da lóxica sociocultural interna das comunidades, son un segundo nivel, correspondente ao que se definiu hai moitos anos co nome de Etnoloxía na Europa continental, Antropoloxía Social na Gran Bretaña e Antropoloxía Cultural nos Estados Unidos de América.

En calquera caso todas estas denominacións tiveron sempre un carácter circunstancial, dependendo o seu alcance das distintas tradicións académicas. Se aceptamos unha vella proposta feita por Lévi-Strauss, resulta que un mesmo investigador pode comportarse como etnógrafo, ou folklorista, cando describe e ordena os materiais recollidos mediante traballo de campo, pero pasa a facelo como etnólogo se, simultaneamente ou a continuación, leva a cabo unha comparación dos datos reunidos con outros procedentes do pasado histórico e de ámbitos xeográficos diversos, ou adopta unha postura de antropólogo social se trata de descubrir a causalidade dos principios que dominan nunha sociedade determinada (Lévi-Strauss 1968: 317 e ss.; Mariño/González 2010: entrada *Historia da Antropoloxía*).

Vén a conto todo o dito antes porque nos axuda a responder á pregunta de se Don Xosé Filgueira Valverde foi un folklorista, un etnógrafo, un etnólogo ou un antropólogo. E a resposta é ben sinxela: el foi, ante todo, un polígrafo na medida que practicou diversos saberes, entre eles os referidos á cultura de transmisión eminentemente oral. Por iso se achegou ao labor do folklorista cando ordenou, por exemplo, os materiais do cancionero musical reunidos anteriormente por Don Casto Sampedro Folgar e colaboradores. Pero tamén foi etnógrafo se aceptamos que o Folklore é unha parte da Etnografía, ou etnólogo historicista e comparatista cando buscaba paralelos presentes e pasados aos *Maios* de Galicia, ou antropólogo cultural cando escribiu un ensaio sobre o fenómeno romeiro en xeral. En consecuencia os editores do *Diccionario Histórico de la Antropología Española* optaron por dedicarlle un *ítem* nesta obra, na que se coloca a etnógrafos, folkloristas, etnohistoriadores etc., baixo o referente xeral de *Antropología*, aínda que no encabezamento da entrada centrada nel queda claro que o seu labor se define mediante a verba *Etnografía* (Valle 1994), definición esta que eu adopto por parecerme sinxela e inclusiva do Folklore no seu seo. Ao cabo, un grande investigador francés, Arnold Van Gennep, dixo hai moito tempo que o Folklore é “a Etnografía das poboacións rurais de Europa” (cit. por Belmont 1974: 76).

Encadrado antes mediante o cualificativo de *polígrafo*, debo puntualizar que non foi a Etnografía o principal centro de atención de Don Xosé. Mais iso non é impedimento para recoñecer que nos deixou escritos de relevo neste ámbito do saber, incluíndo algún que encaixaría no que se define como Etnografía histórica ou como Etnohistoria, así como numerosas contribucións de menor formato en canto á extensión, mais de indubidable interese. Formado, como outros membros

da súa xeración, no seo do Seminario de Estudos Galegos (1923-1936), do que foi fundador, nesta institución figura como colaborador, entre outras, da Sección de Etnografía e Folklore. Dirixida esta Sección por Vicente Risco, o gran etnógrafo galego do século XX, nela cultivouse un método histórico-cultural, vinculado á Etnoloxía/Antropoloxía propia da segunda metade do século XIX e comezos do XX, con influencia dos paradigmas evolucionista e difusionista (González Reboredo 1997: 49-51). Precisamente o profesor Filgueira elaborou no seo da Sección un primeiro traballo sobre a festa dos Maios, do que me ocuparei unhas liñas máis abaixo (Seminario de Estudos Galegos 1934: 57).

Unha vez situado nun marco epistemolóxico concreto, e insinuado o interese da súa obra etnográfica, é de lóxica consecuente amosar exemplos significativos deste seu labor. En principio renunciarei a falar da súa relación coa música folklórica, o que hoxe se adoita definir como Etnomusicoloxía, pois esa función correspondeulle neste encontro a Xavier Groba. En canto ao demais, xa din conta demorada do seu xeito de facer Etnografía en escritos froito de homenaxes a Don Xosé convocados pouco despois do seu pasamento. En dous deles centreime na súa investigación sobre a festa dos Maios e tamén sobre unha interesante contribución dedicada ao Corpus de Pontevedra (Filgueira 1927 e 1975; González Reboredo 1996: 77 e ss., e 1997). No outro, pola contra, abordei a monografía á que lle puxo por título *Archivo de mareantes*, obra de carácter etnohistórico que hoxe deixarei de lado por razóns de limitacións de tempo e espazo, mais fundamental para coñecer a importancia que tiveron na vila de Pontevedra o barrio da Moureira e os seus habitantes, homes de mar que dispoñían no Antigo Réxime dun *corpus* de normas case equivalentes a un ordenamento gremial (Filgueira 1946; González Reboredo 1998).

Ancoradas xa estas miñas análises no pasado, pois sobre elas pesan xa case vinte anos, a Fundación Barrié bríndame agora a oportunidade de devolver unha parte delas á vida. Porén, non me limitarei a reiterar o xa coñecido. Pola contra, tratarei de aproveitar esta oportunidade para facer unha pequena sondaxe na temática etnográfica reflectida na serie de tomos titulada *Adral*, axeitada e interesante compilación de breves artigos seus publicados en diversos xornais e revistas. Comecemos, pois, esta andaina pola obra de Don Xosé.

## A FESTA DOS MAIOS

No ano 1927 publicou no tomo I de *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* o traballo dedicado á coñecida como festa dos *Maios*, celebración popular propia de comezos do mes de maio e moi presente tanto en Galicia como noutras partes de Europa. Considerada como unha festividade de orixe agraria, destinada a celebrar a primavera como momento do renacer definitivo da natureza, especialmente da

vexetación, ten na nosa terra como compoñentes destacados as plantas, a mocidade e os cantares entoados por grupos de mociños, ultimamente tamén mociñas. O profesor Filgueira coñecía ben as súas características na Pontevedra natal, pois aquí se conservaba unha vistosa variante que chegou aos nosos días. Pero non se limitou a describir os *maios* pontevedreses. En efecto, despois dunha erudita introdución de carácter histórico que lle permite definir a celebración como una morte definitiva do inverno e triunfo do bo tempo, representado pola vexetación, segue un apartado centrado en describir as variantes coñecidas en Galicia (Filgueira 1927: 147 e ss.), dende os ritos purificadores dos campos de finais de abril e *árbores-maio* ata os *Maios* do norte galaico –A Coruña, Lugo, Ribadeo, Portomarín, Santiago– caracterizados pola presenza dun neno cuberto de vexetais, e os *Maios figurados*, construcións cubertas de plantas, de forma cónica, piramidal ou reproducindo barcos, propios de localidades como Pontevedra, Ourense, Caldas de Reis e Vilagarcía. Ademais, tamén dá conta doutro compoñente esencial, os cantares entoados polo neno-maio e os seus acompañantes, aínda que, para non recargar de exemplos o texto principal, recorre a reproducir nun apartado final os máis deses cantares, xunto con algunha transcripción en pentagrama da música.

Ata este momento Don Xosé compórtase como un etnógrafo *stricto sensu*, pois, sacadas as consideracións eruditas iniciais, nas que a lírica medieval xoga un papel destacado, no resto limitáase a darnos unha descrición da festa. Mais no apartado seguinte, titulado “Concordancias” (Filgueira 1927: 160 e ss.), agroma o etnólogo que usa o método comparativo para amosar o carácter europeo da celebración, utilizando para iso unha ampla bibliografía na que aparecen citados prestixiosos investigadores, como os cataláns Carreras i Candí e Sierra i Boldiu, os portugueses Theófilo Braga e Leite de Vasconcelos, os franceses Bédier, Sébillot e Van Gennep, o xermano Mannhardt, o británico Frazer etc. Con erudición que demostra o seu coñecemento do que se escribira sobre o tema tanto na península como fóra, o profesor Filgueira pon diante de nós as *árbores de maio* de Portugal, Castela, Irlanda ou Francia, a figura británica de *Jack-in-the-Green*, o *Rei da folla* de Hildesheim, as pirámides vexetais de Turinxia... en resumo, todo un conxunto de elementos de localización diversa que revelan o carácter europeo das prácticas galegas propias de comezos do mes de maio. Creo que interesa salientar esta faciana porque sintoniza ben co fondo europeísmo do Seminario de Estudos Galegos, orientado a situar o pobo galego dentro do conxunto dos pobos de Europa.

“A festa dos Maíos” é un estudo etnográfico/etnolóxico feito por un investigador novo, de 21 anos concretamente, aínda que xa con coñecementos excepcionalmente. Moito tempo despois, no inverno da vida, volverá tocar o tema en artigos breves, como un dedicado ao *Maio* da cidade da Coruña do que me ocuparei cando fale dos seus artigos recollidos na serie *Adral* (Filgueira 1989). Pero en liñas xerais pódese dicir que o seu vello traballo de xuventude foi durante décadas un

referente inevitable ata que etnógrafos recentes, especialmente Clodio González Pérez, ampliaron a información sobre o tema e recollisen indicacións diversas de investigadores foráneos posteriores a 1927 (González Pérez 1989 e 1989b).

## O CORPUS PONTEVEDRÉS

O Corpus Christi, festa instaurada entre os séculos XIII e XIV, conta en Galicia con interesantes manifestacións procesionais herdadas de tempos pasados, destacando neste aspecto a vila de Redondela coa súa *danza de espadas*, as *penlas* e a *Coca*, mencionadas en diversas obras e autores, dende o *Cancioneiro* de Casto Sampedro Folgar –ordenado para a súa edición por Xosé Filgueira Valverde– ata escritos debidos a etnógrafos diversos, como Vicente Risco, Clodio González Pérez etc. (Sampedro 2007[1982]: 186-188 e 190; Risco 1994[1962]: 631 e ss.; González Pérez 1993 e 2008; Mariño 1992, Costa 2008 etc).

Non obstante, as danzas, as Cocas, as Penlas e outros elementos da comitiva eran tamén comúns antano nas procesións de diversas cidades ou vilas de Galicia. Precisamente o Corpus dunha delas, a súa querida Pontevedra, será obxecto de atención por parte de Filgueira Valverde, quen publica sobre o tema a monografía titulada *El Corpus viejo de Pontevedra* (Filgueira 1975). Nela fai un documentado percorrido polos múltiples compoñentes que outrora se podían contemplar na procesión do Corpus, un auténtico *cortexo de corporacións* como el mesmo a define, dedicando os distintos apartados a “Fiesta gremial. Cortejo de corporaciones” (261-267), “Privilegios de los mareantes” (267-269), “Cuestiones de competencia” (269-272), “Las insignias gremiales: el Teucro” (272-277), “Otras insignias gremiales” (277), “Las marchas procesionales” (278), “La «nao» y las vayas” (278-284), “Las danzas” (284-287), “Las penlas” (287-293), “La coca” (293-298), “El centulo, demonio de las vejigas” (298-302), “Los gigantes” (302-303), “Los autos sacramentales” (303-304), “Imágenes y cofradías en la procesión” (304-322), “Las custodias” (322-323), “La víspera de Corpus” (323-324), “Los ritos de salida de la procesión” (325-326), “El itinerario” (326), “Las octavas” (327) e, finalmente, “La despedida” (327-329). Como complemento do dito por escrito, en diversos apartados aparecen numerosas ilustracións, así como sete apéndiceos ao final con documentos diversos: textos das “vayas”, poemas relacionados co Corpus, transcripción musical das danzas e marchas.

Se adoptásemos unha postura etnográfica rigorosa deberíamos admitir que *El Corpus viejo de Pontevedra* é unha monografía máis histórica, ou etnohistórica, que etnográfica, pois nela ten un peso grande o pasado histórico e artístico. Pero se consideramos que nas sociedades complexas o pasado e o presente manteñen sempre unha relación directa na medida en que cousas do pasado poden manter unha funcionalidade no presente, ou no pasado próximo, resulta

inevitable recoñecer a importancia non só histórica, senón tamén etnográfica deste escrito.

Esa relación entre Historia e Etnografía, por outra parte, é unha constante na produción etnográfica de investigadores integrados no Seminario de Estudos Galegos e as institucións que o continuaron de maneira máis ou menos completa, segundo xa insinuei anteriormente, pois para eles a Etnografía era unha ciencia complementaria da Historia. Por iso ao longo deste escrito atopamos reiteradas alusións a antigos compoñentes do Corpus que seguen na actualidade, malia as necesarias adaptacións e as inevitables marxinações. Un exemplo sería a maqueta da carabela colombina denominada *La Gallega* ou *Santa María*, que sae na procesión dende 1949, para Don Xosé unha continuadora actualizada da antiga *Nao* sobre rodas que sacaban os mareantes durante a festividade (Filgueira 1975: 284). Outro exemplo, entre os varios que se poderían mencionar, é o bando iniciador da festa por parte do Concello, do cal se conservou a tradición de que “hoy sigue convocándose a Concejo ese día «a campana tañida», único caso en que suena la del Ayuntamiento” (Filgueira 1975: 324).

As dúas mostras anteriores supoñen una relación entre feitos e formas dos tres ou catro séculos precedentes e o Corpus dos anos setenta do século XX, data na que escribe Don Xosé, un período de tempo non moi longo dende unha óptica histórico-cultural. Mais tamén se pode recorrer a unha historia máis conxuntural cando o etnógrafo se enfrenta a figuras amplamente espalladas e con indicios de proceder de tempos moi recuados, aínda que resulte imposible determinar con absoluta precisión a causa que as levou a cobrar a forma coa que chegan a nós e o lugar onde isto sucedeu. Pois ben, no estudo do Corpus de Pontevedra temos un exemplo disto na figura do *Centulo* ou *Choqueiro*, un enmascarado que aparecía nas rúas de Pontevedra entre o domingo de Trindade e o Corpus, participando na procesión. Levaba carauta de madeira cuberta dunha pel de carneiro con cornos, vestido de lenzo decorado con sapos, cobras e lagartos, chocas e un pau rematado nunha vexiga. Comportábase de maneira agresiva, golpeando coa vexiga, burlándose das mulleres e roubándolles mercadorías aos tendeiros e peixeiras (Filgueira 1975: 299).

No fundamental acertou Don Xosé ao asociar esta figura co Demo, xa que enmascarados con esta función representativa aparecen noutras procesións do Corpus, nas que era habitual que se puxese en escena o Mal, vencido polo exército sacro que figura no cortexo presidido polo Corpo de Cristo, o supremo adversario da maldade e de Satán. Non obstante, a aparencia do *Centulo* inclina, á vez, a asocialo a *máscaras fustigadoras* e con chocas ao cinto que aparecen por toda Europa nas festas de inverno, dende o Nadal ata o Entroido, feito que o autor apunta cando alude aos *zangarrones* de Castela, os *zamarrones* de Asturias, ou os *cigarróns* e *peliqueiros* de Laza e Verín (Filgueira 1975: 302; para ampliar información máis

alá de Galicia poder verse Caro 1965). E por iso, nun artigo posterior, de 1990, sinala claramente que o *Centulo* ou *Choqueiro* foi un enmascarado que pasou do Entroido ao Corpus (Filgueira 1990), malia incorporar á súa vestimenta referentes diabólico-bruxerís, como as cobras e sapos. En canto aos antecedentes destes enmascarados, el mesmo lembra de pasada que algúns etnólogos chegaron a asocialos con mascaradas de orixes prehistórica, mais non afonda no asunto por razoable prudencia investigadora. Prudente ao respecto foi, así mesmo, un destacado analista do Entroido peninsular, Julio Caro Baroja, sen por iso esquecer un antecedente formal das máscaras de inverno antes aludidas nos *Lupercos*, mozos que percorrían as rúas de Roma imperial case espidos e golpeando as mulleres cunha tira de pelica de cabrón nas festas chamadas *Lupercals*, a mediados de febreiro (Caro 1965: 341 e ss.). Non obstante, a principal diferenza está no significado, xa que os vellos *Lupercos* tiñan a función de fomentar a fertilidade das mulleres de maneira simbólica, mentres que a figura do *Centulo*, situado nun marco de civilización cristiá, acabou asociado ao Demo.

Como complemento do dito, advirto que a incorporación de elementos de orixe diversa ás procesións de Corpus, que se van estendendo por Europa a partir de comezos do século XIV, é inevitable. Ao cabo, na tradición cristiá non había apenas precedentes de procesións de carácter non penitencial, carecendo en consecuencia de referentes para compoñer un cortexo de carácter triunfal, dominado pola ledicia, como o propio dunha apoteose de Cristo, obxectivo este perseguido polo Corpus. Houbo, en suma, que botar man de personaxes, representacións, danzas e figuras procedentes de moi distintos ámbitos para lograr unha sensación plástica, teatral, de triunfo total da cristiandade.

## INCURSIÓNS PUNTUAIS NUNHA MISCELÁNEA CON CONTIDOS ETNOGRÁFICOS

Retomando o indicado nos primeiros parágrafos deste escrito, o persoeiro que hoxe lembramos deixounos unha ampla colección de fermosos escritos na serie de volumes presididos polo título común de *Adral*, gabados en repetidas ocasións polos que se achegaron a eles. Como é ben coñecido, son compilacións de artigos e ensaios breves, case todos publicados previamente, a partir de 1976, en xornais ou, en certos casos, revistas –*Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *El Correo Gallego*, *Outeiro*, *Encrucillada*...—. Pequenas xoias xornalísticas, combinan erudición e rigor científico coa calidade literaria e o afán divulgador. Polo que se refire aos contidos, presentan unha gran variedade, pois tratan de temas diversos da nosa Historia, Arte, Lingua, Literatura, Biografía... e tamén Etnografía/Folklore. Este último asunto ocupa nalgún dos volumes, especialmente os primeiros, ata o 20% do total dos títulos, abrangendo temas como as festas –Nadal, Entroido,

Maios, San Xoán, romarías–, literatura oral –contos, romances, lendas–, oficios –fogueteiros, oleiros, canteiros, cereiros–, rituais populares, culinaria, xogos ou patrimonio material. Dado que ocuparnos de todo este variado conxunto de facetas da nosa cultura tradicional sería cousa improcedente na presente comunicación, limitareime de novo a mencionar uns casos significativos.

No *Terceiro Adral* aparece un pequeno ensaio titulado “Do camiño e da romaxe” (Filgueira 1984), o cal fora publicado no ano 1981 en *Encrucillada*, unha revista de pensamento cristián. A peculiaridade deste escrito é que, malia facer nel alusión a feitos concretos, Don Xosé aborda o tema de maneira xeral, elaborando unha sinxela, mais acertada, teoría do fenómeno romeiro, é dicir, exercendo de antropólogo cultural ao longo dunha serie de apartados que levan por título “O camiño”, “Os encontros”, “A festa”, “A cantiga”, “A danza”, “Ofrendas e promesas”, “Os recordos da viaxe” e, finalmente, as creacións dos artistas relacionadas coas romarías, ocasión esta que, como bo coñecedor da arte galega, aproveita para mencionar a Asorey, Magariños, Rivas, Camilo Díaz, Juan Luís, Úbeda e Álvarez de Sotomayor. Mais, como remate brillante, recorre a un cadro de Castelao onde se autorrepresenta como un romeiro do alén camiño do santuario rianxeiro da Virxe de Guadalupe, sobre o que escribe estas emotivas verbas, cheas de fondura porque aluden a un tema tan antropolóxico como é o dos sentimentos e emocións:

Mais eu quixera pechar estas miñas verbas de hoxe, escritas con présa, ca lembranza afervoadada da máis emotiva imaxe da devoción do santuario benquerido. É o cadro de Castelao, no que o artista se representa, en camiño, anque morto, levado da man, como lazarillo, por aquel filliño seu que Deus levara tan neno. Así se miraba él moi lonxe do seu Rianxo, a camiñar, tras do pasamento, á romaxe de Nosa Señora de Guadalupe. E dígovos que, por moita erudición que poidera calquera de nós amorear acerca da fenomenoloxía cultural das romaxes, endexamais podería decir tanto e tan fondo (Filgueira 1984: 191).

O exemplo anterior conduciunos, da man da súa prosa, á fondura conceptual e emotiva do feito romeiro, un universal humano. Máis pegado á realidade etnográfica concreta está o antes aludido artigo dedicado á festa dos *Maios* da Coruña, publicado inicialmente en *La Voz de Galicia* de 7/V/1986 e reproducido despois en *V Adral* (Filgueira 1989). Nel retoma este tema de xuventude, mais centrado na urbe coruñesa. Perdida a celebración popular na década de 1870 a 1880, non obstante no escrito facilítasenos a información dispoñible sobre a mesma, incluído un poema de 1861 debido ao profesor, publicista e poeta Antonio de la Iglesia, anos despois socio fundador da sociedade *El Folklore Gallego*, creada na Coruña en decembro de 1883 baixo a presidencia de Emilia Pardo Bazán. Composición



poética de contido etnográfico, nela aparecen os seguintes momentos da celebración: a) reclamo para que a xente acuda ver o Maio, b) danzas e cantos, c) glosa de “Aí ven o Maio” e loanza do amor primaveral, representado na doncela Mariniña, d) plantas usadas na festa, e) dedicación á Virxe.

Malia o seu evidente interese, non foi a información sobre a festa coruñesa facilitada por Don Xosé o que máis me chamou a atención deste escrito. Fórono, pola contra, unhas verbas súas que equivalen a un reto para os antropólogos así formulado: “Os eruditos en Antropoloxía Cultural teñen pendentes moitas cuestións. Por exemplo: cómo e por qué unha celebración de raigaña agraria deveceu nos campos, namentres perdurou nas cidades, que é o caso de Galicia” (Filgueira 1989: 111).

Como é sabido, os investigadores da festa de primeiros de maio considerárona como propia de sociedades agrarias dependentes dos ritmos estacionais e a vitalidade das plantas, aínda que en Galicia sobreviviu con certo pulo nalgunhas vilas e cidades, é dicir, nun medio non rural. E para aclarar esta aparente contradición o autor chama a capítulo aos antropólogos, situándose así nun humilde segundo plano. Mais esta fuxida circunstancial non é propia dun erudito da importancia de Don Xosé Filgueira Valverde. Por iso cabe facerse preguntas como: é lóxica esta a súa chamada aos antropólogos?, non podería responder el mesmo sen necesidade de acudir a autoridades alleas?

Entendo que neste caso estamos ante un abuso da modestia por parte do autor, ou ante un recurso literario para non ter que dar unha ampla explicación que alargaría o artigo en exceso. Porque el tiña coñecementos do tema máis que suficientes para propoñer unha solución ao dilema, que sería a seguinte.

Cando vellos núcleos urbanos como Ourense ou Pontevedra desenvolveron a festa dos *Maios* no século XIX e comezos do XX, os barrios de onde procedían os grupos de nenos acompañados do correspondente *Maio figurado* conservaban moitos vínculos socioeconómicos e semellanzas culturais co medio rural, e iso fixo posible unha simbiose entre a vella tradición agraria e algúns matices burgueses, destacando entre estes últimos os cantares de carácter satírico-burlesco con respecto á política local ou supralocal, ausentes no *Maio* campesiño, pero ben recibidos en ambientes urbanos desexosos de escoitar críticas sociopolíticas. Se a iso xuntamos o nacente gusto burgués polas tradicións populares, gusto que impulsou o nacemento do folklorismo, non é cousa rara que xurdise a idea de favorecer que os nenos das escolas participasen en concursos convocados *ad hoc*, a partir de iniciativas xurdidas no seo da burguesía local e a seguir asumidas polos respectivos concellos (González Pérez 1989: 142 e 170). Ademais, a dinámica festiva posta en marcha polas razóns anteriores acabou dotando a festa doutra función, a de ser un momento propicio para manifestar no centro da urbe

a identidade de barrio, cuxa defensa deu lugar, como é sabido, a algúns conflitos no momento da adxudicación dos premios.

O terceiro, e último, exemplo que decidín seleccionar para esta ocasión re-flicte outra inquedaanza do profesor Filgueira Valverde: o patrimonio etnográfico e a súa conservación. En realidade o desexo de conservar ese patrimonio, igual que o histórico, documental ou artístico, era cousa inseparable da súa condición de Director do Museo de Pontevedra dende 1942, onde contou coa fundamental axuda, durante moitos anos, de Alfredo García Alén, así como doutras persoas incorporadas posteriormente a esta institución, entre elas Xosé Carlos Valle e Xosé Fuentes Alende. O seu labor práctico neste sentido levouno a xuntar nas salas e dependencias do Museo diversos obxectos, os máis deles froito de doazóns, algunhas tan importantes como a colección de cerámica popular galega cedida polo Dr. Luciano García Alén, investigador deste tema, natural de Pontevedra e irmán do antes citado Alfredo. Así mesmo, é inevitable aludir ás exposicións temporais e, sobre todo, os *Concursos Escolares* convocados polo Museo, importantes porque serviron para crear unha actitude favorable ao coñecemento do noso patrimonio cultural entre alumnos e profesores de ensino primario (Fuentes 1992).

Os membros do Museo de Pontevedra coñecen ben todo o que acabo de dicir, Pero, ademais do anterior, nos escritos contidos na serie *Adral* tamén atopei unha curiosa manifestación da súa preocupación polo patrimonio etnográfico, aínda que sexa baixo a forma de laio e denuncia por unha triste perda. Así sucede nun artigo editado no *Faro de Vigo* o 26/VIII/1979 e recollido no *Segundo Adral* (Filgueira 1981). Nel dá conta da destrución, por ansias urbanísticas pseudo-modernizadoras, da maior parte dun ben do noso patrimonio etnográfico construído: os alpendres do campo da feira da Golada. A queixa está feita coa elegancia propia dos seus escritos, aínda que iso non lle resta contundencia, amosando que se poden denunciar as cousas sen recorrer a unha linguaxe desapiadada, tan en uso nos nosos días. Velaquí unha mostra:

O da Golada fora feito ao longo do camiño, como unha estrana vila itineraria [...] As paredes das casoupiñas, de mamposto “a hoso”, lembraban as construcións castrexas e ás veces tiñan as mesmas formas circulares. Andar polos venelos da feira era como facer camiño a un antes moi lonxano. E agora, nun chiscar de ollos, encomendándose ao diaño, desfíxeron todo, xusto cando ía restaurarse, como museo xurdío da vida popular. A Golada estrizóu o mellor, io único!, que tiña de seu, o que a distinguía de calquer outro lugar do mundo, coma quen derrama toda a súa facenda. ¿Por qué? ¿Pra qué? Cicáis non seipan dicir outra cousa que “para vivir a la moderna”. Coma se non houbera alí terra dabondo pra abrir rúas e pra erguer construcións novas á vontade (Filgueira 1981: 250-251).

O parágrafo, claro e contundente, a penas precisa comentario. Non obstante, en relación co seu contido lembrarei en primeiro lugar o dito por Esther Fernández Paz, unha investigadora andaluza, no sentido de que o patrimonio etnográfico é un *patrimonio modesto*, pero ao mesmo tempo pode ser un *patrimonio molesto* cando a pobreza de miras leva a consideralo unha eiva para o desenvolvemento económico ou turístico, feito que o converte en especialmente vulnerable (Fernández 2012: 120). E ao anterior é oportuno engadir, segundo sinalou no seu día Xosé Carlos Sierra, seguindo a J. Cuisenier, que os grandes “floróns nacionais”, ou sexa, os bens do patrimonio histórico-artístico de gran formato ou impacto, reciben un apoio institucional que se lle regatea ao patrimonio etnográfico, resultando así que este tipo de bens non só son *modestos* e moitas veces *molestos*, senón que tamén están condenados á pobreza crónica na súa conservación e posta en valor (Sierra 1997: 407).

Entendo que Don Xosé Filgueira Valverde, como home de cultura que era, asumiría estas consideracións de ter a posibilidade de escoitalas ou lelas, pois en Galicia temos moitos bens patrimoniais molestos non porque a súa posta en valor sexa imposible, senón pola deficiente conciencia de identidade dos nosos poderes *fácticos* e a falta de decisión para aproveitar as formas populares de cultura nun mundo que non se debería definir soamente como *globalizado*, senón como *glocalizado*, é dicir, un mundo no que necesitamos de referentes locais diacríticos para integrarnos nos ámbitos globais con personalidade propia.

## REMATE

Don Xosé foi, en suma, un meritorio cultivador da Etnografía/Folklore. O mesmo que todos os investigadores formados antes de mediados do século XX, consideraba que o obxectivo dos estudos das culturas populares en Europa era dar conta das crenzas, valores, celebracións, habilidades e creacións estéticas conservadas fundamentalmente por campesiños, mariñeiros e artesáns, orientación esta responsable de que se estendese na burguesía a falsa idea de que os sectores vinculados á nosa civilización tecno-industrial carecen de folklore propio. Pola contra, etnógrafos-folkloristas de xeracións algo máis novas documentaron axeitadamente a presenza nas selvas de asfalto e cemento dun *neofolklore* transmitido oralmente ou por outros medios, do cal son bos exemplos as chamadas *lendas urbanas* e os *chistes* (Sánchez/Noyes 2000, ver especialmente os traballos de Dundes/Pagter e de Alan Fine; Brunwand 2005[1999]; Ortí/Sampere 2000; González Reboredó 2004 e 2005: 59 e ss.). É precisamente a figura que hoxe lembramos chegou a superar a condición de intelectual para converterse en parte do *neofolklore* urbano local, baixo a forma de dous amables e simpáticos chistes que circularon pola vila do Lérez hai anos con el de protagonista. Tiven a oportunidade

de contar un deles ante Don Xosé e a súa esposa moi poucos anos antes do seu pasamento, os que, de certo, o acolleron con risa espontánea e sincera, amosando así a súa empatía co enxeño popular cando di as cousas con humor elegante.

Como etnógrafo, a min paréceme que non hai mellor maneira de honrar a un membro do noso mester que convertelo a el tamén en parte do saber do pobo transmitido oralmente. E por iso remato así a miña contribución, aludindo a esta simpática anécdota, e tamén invitando os lectores a que fagan un pouco de “traballo de campo” na vila de Pontevedra coa esperanza de que algún pontevedrés ou pontevedresa poida lembrar ante eles os chistes co profesor Filgueira Valverde como personaxe central.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Belmont, Nicole (1974): *Arnold Van Gennep. Le créateur de l'ethnographie française*. Paris: Payot.
- Brunvand, Jan Harold (2005 [1999]): *El fabuloso libro de las leyendas urbanas*. Barcelona: Alba Editorial.
- Caro Baroja, Julio (1965): *El Carnaval*. Madrid: Taurus.
- Costa Vázquez, Luís (2008): “A danza de espadas no Corpus de Redondela”, en Benxamín Vázquez (coord.), *Tempos de festa en Galicia*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia, t. II, 40-43.
- Fernández Paz, Esther (2012): “Patrimonio etnológico, ¿recurso socioeconómico o instrumento sociopolítico? El caso de los Astilleros Nereo de Málaga”, en Iñaki Arrieta Urtizberea (ed.): *Museos y turismo. Expectativas y realidades*. Bilbao: Universidad del País Vasco, 121-139.
- Filgueira Valverde, Xosé Fernando (1927): “A festa dos Maios”, *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* I, 141-203.
- (1946): *Archivo de Mareantes*. Pontevedra: Museo de Pontevedra.
- (1975): “El Corpus viejo de Pontevedra”, *El Museo de Pontevedra* XXIX, 259-391.
- (1981): “O feiral da Golada”, en *Segundo Adral*. Sada: Edición do Castro, 250-252.
- (1984): “Do camiño e da romaxe”, en *Terceiro Adral*. Sada: Edición do Castro, 179-191.
- (1989): “Os «Maios» da Coruña”, en *V-Adral*. Sada: Edición do Castro, 111-114.

- \_\_\_\_\_ (1990): “Os «choqueiros», do Antroido ó Corpus”, en *VI Adral*. Sada: Edicións do Castro, 92-95.
- Fuentes Alende, José (1992): “El Museo de Pontevedra y la Antropología Cultural. Los concursos escolares”, *El Museo de Pontevedra XLVI*, 573-593.
- González Pérez, Clodio (1989): *A festa dos Maios en Galicia*. Pontevedra: Deputación Provincial.
- \_\_\_\_\_ (1989b): *A festa dos Maios*. Vigo: Ir Indo.
- \_\_\_\_\_ (1993): *A Coca e o mito do dragón*. Vigo: Ir Indo.
- \_\_\_\_\_ (2008): “A festa da Coca en Redondela e a do Corpus en Pontearreas”, en Benxamín Vázquez (coord.), *Tempos de festa en Galicia*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia, t. II, 29-39.
- González Reboredo, Xosé Manuel (1996): “O home e o erudito”, en *Primeiro Nadal sen Filgueira*: A Coruña: Hércules de Ediciones, 59 e ss.
- \_\_\_\_\_ (1997): “Achegamento á obra etnográfica de D. Xosé Filgueira Valverde”, en *Actas do III congreso de Historia da Antropoloxía e Antropoloxía Aplicada*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, t. I, 19-33.
- \_\_\_\_\_ (1997b.): “Do nacemento do Folklore ós nosos días”, en *Galicia. Antropoloxía*. A Coruña: Hércules de Ediciones, t. 29, 37-72.
- \_\_\_\_\_ (1998): “Novo achegamento á obra de don Xosé Filgueira Valverde: Pontevedra e o mar”, en Francisco Calo Lourido (coord.), *Antropoloxía mariñeira. Actas do simposio internacional in memoriam Xosé Filgueira Valverde*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 15-28.
- \_\_\_\_\_ (2004): “Do folklore rural ao neofolklore urbano”, en M<sup>a</sup> Isabel Longueira Mira (dir.), *V Xornadas internacionais de cultura tradicional. Homenaxe a Xaquín Lorenzo*. Lira: Asociación Canle de Lira, 7-20.
- \_\_\_\_\_ (2005): “Os contos en contextos”, en Xosé Manuel González Reboredo (ed.), *Galicia de conto*. A Coruña: Hércules de Ediciones, 38 e ss.
- Lévi-Strauss, Claude (1968): *Antropoloxía estrutural*. Buenos Aires: Eudeba. (2<sup>a</sup> ed.).
- Mariño Ferro, Xosé Ramón (1992): “A Coca e o dragón: introducción á zooloxía fantástica”, en *Actas do I congreso internacional da cultura galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 289-292.
- Mariño Ferro, Xosé Ramón e Xosé Manuel González Reboredo (2010): *Diccionario de Etnografía e Antropoloxía de Galicia*. Vigo: Nigratreia.
- Ortí, Antonio e Josep Sempere (2000): *Leyendas urbanas en España*. Barcelona: Ediciones Martínez Roca.
- Risco, Vicente (1994 [1962]): *Obras completas*. Vigo: Galaxia, t. 3.
- Seminario de Estudos Galegos (1934): *Dez cursos de traballo. 1923-1934*. Santiago de Compostela: O Seminario.

- Sampedro y Folgar, Casto (2007 [1982]): *Cancionero musical de Galicia*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Sánchez Carretero, Cristina e Dorothy Noyes (eds.) (2000): “Performance”, *arte verbal y comunicación. Nuevas perspectivas en los estudios de folklore y cultura popular en USA*. Oiartzun (Gipuzkoa): Sendoa Editorial.
- Sierra Rodríguez, Xosé Carlos (1997): “Procesos de patrimonialización en Galicia”, en *Galicia. Antropoloxía*. A Coruña: Hércules de Ediciones, t. 29, 381-471.
- Valle Pérez, José Carlos (1994): “Filgueira Valverde, José Fernando”, en Carmen Ortiz García e Luis Ángel Sánchez Gómez (eds.), *Diccionario Histórico de la Antropología Española*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.